



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Colexio de Educación Infantil e Primaria de Belesar
Estivada, 46. BELESAR – 36307 BAIONA (Pontevedra)



Queridas familias,

Hoxe comeza o prazo para solicitar a participación no FONDO SOLIDARIO de libros de texto e a AXUDA PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR segundo regula a ORDE do 6 de maio de 2021 publicada o 20 de maio no DOG.

No caso de estar interesados a solicitude deberá ser entregada no centro antes do 19 de xuño (ben sexa de forma presencial ou telemática) xunto coa documentación que abaixo achegamos. **O alumnado de 6º de primaria deberá entregar a solicitude cuberta no instituto no que foi admitido.**

Tamén vos axuntamos un cadro con datas importantes neste proceso.

IMPORTANTE: debido a situación actual agradecemos que todas as familias que podades fagades a solicitude de xeito telemático a través da aplicación FONDOLIBROS. No caso de ter que acudir ao centro de forma presencial, os horarios de atención serán os seguintes:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09.00-09.30	09.00-09.30	09.00-11.00	09.00-10.00	09.00-09.30
13.00-13.50	13.00-13.50	13.00-13.50	13.00-13.50	12.30-13.50

DATAS IMPORTANTES

Entrega de solicitudes	Ata o 14 de xuño
Publicación de listaxe provisional (2 días para facer reclamacións)	18 de xuño
Publicación de solicitudes excluídas (2 días para facer reclamacións)	18 de xuño
Publicación de listaxe definitiva	22 de xuño

DOCUMENTACIÓN NECESARIA (ORDE 12 de maio)

1. As persoas interesadas deberán achegar coa **solicitude** (anexo I) a seguinte documentación:

a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:

- Copia do **libro de familia** ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberan achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado nas opcións anteriores, achegarse un certificado ou volante de convivencia no que deberan figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) Certificado do grao de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familiar recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia